

## **DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS. 1º ESO A.**

### **Sesión 1.**

#### **Reflexión sobre vídeos e chuvia de ideas.**

1ª metade da sesión: Comezamos a sesión amosando aos alumnos tres vídeos coa intención de facerlles reflexionar sobre as consecuencias sociais e familiares do consumo abusivo do alcol.

Vídeo 1: *Cómo nos ven os nosos fillos cando bebemos?* Mostra a imaxe que teñen distintos pequenos dos seus pais por consumiren alcol dun xeito abusivo.

<https://www.youtube.com/watch?v=8yQ8oMBV54c>

Vídeo2: *Isto non debería ser normal* (anuncio do Ministerio de Sanidad)

[https://www.youtube.com/results?search\\_query=campa%C3%B1a+contra+alcoholismo](https://www.youtube.com/results?search_query=campa%C3%B1a+contra+alcoholismo). Reflexiona sobre a tendencia actual de consumir alcol desde idades temperás.

Vídeo 3: O tempo que adicas ao alcol quítaslo a todo o demáis [https://www.youtube.com/watch?v=U0D4Bbpiw\\_Y](https://www.youtube.com/watch?v=U0D4Bbpiw_Y). Reflexiona sobre o feito de que o alcol afasta á xuventude da xente querida e do desfrute con outras actividades saudables.

2ª metade da sesión: Chuvia de ideas sobre o alcol. Reflexionamos sobre o contido dos vídeos e realizamos unha actividade de chuvia de ideas coa intención de sacar á luz os coñecementos previos dos que parten os alumnos no que toca a problemas sociais, enfermidades asociadas ao consumo de alcol, posibles sancións, idade mínima para comprar alcol... Un alumno encárgase de escribir na pizarra todas a ideas que van aportando os seus compañeiros en resposta ás preguntas que a profesora vai facendo.

### **Sesión 2**

#### **Role-playing**

Na segunda sesión desenvolvemos unha actividade que da bastante xogo: role-playing. Repártense distintos roles: rapaz ou rapaza tímido/a que busca a aceptación dos seus amigos, rapaz ou rapaza bébedo que vai ofrecer alcol ao primeiro co obxectivo de que este se divirta, etc. Feita a representación, o resto de alumnos do grupo vai dicindo qué podería responder o rapaz para rexeitar a invitación a consumir. Unha alumna vai anotando na pizarra as distintas respostas dos compañeiros ("non estou dacordo", "gústame outras cousas", "non necesito iso para divertirme"...). Despois, cada un dos alumnos e alumnas explica por qué elixiu esa frase e seleccionamos aquelas que consideramos mais asertivas. A intención é que os alumnos e alumnas reflexionen e busquen argumentos para defender as súas posturas ata cando a presión externa é importante. Repetimos o role-playing pero cambiando as actitudes e comportamentos do protagonista que agora deixa de ser tímido, indeciso e usa as frases que anotamos na pizarra

### **Sesión 3**

**Lectura de información** relacionada co alcol (efectos sobre a saúde, consecuencias do abuso, artigos do DOG nos que se fala sobre as limitacións da oferta de bebidas alcólicas aos menores de idade, así como de publicidade, promoción e patrocinio...). Posta en común e conclusións.

### **Sesión 4**

### **Charla a cargo da Consellería.**

O día 22 de febreiro ten lugar unha charla no Salón de Actos do centro a cargo da Consellería. Dase información sobre a normativa galega no referente a publicidade de bebidas alcólicas, prohibición de venta a menores... A charla remata cun breve debate.

### **Sesións 5 e 6**

**Análise de tres anuncios.** Trátase de que os alumnos e alumnas vexan os anuncios desde dous puntos de vista; obxectivo (tendo en conta aspectos formais) e subxectivo (qué nos suxire). Os alumnos buscan na rede publicidade de distintos tipos de produtos (coches, perfumes...) e analizamos, por unha banda, as características formais e, por outra, os valores e emocións que tratan de transmitir. Imos vendo entre todos os anuncios na pantalla dixital e facemos un cadro na pizarra no que anotamos aspectos como os seguintes: tipo de soporte, cualidades do produto, eslogan, logotipo, imaxes, cores empregadas, recursos lingüísticos, sector da poboación ao que vai dirixido, estratexias para persuadir...

### **Sesión 7**

#### **Explicación do termo "contrapublicidade" e busca de exemplos na rede.**

Explícase o termo "contrapublicidade" e os alumnos buscan en Internet exemplos de contrapublicidade de distintas marcas e produtos.

**\*Trabállase en colaboración coa materia de E.Plástica e Visual. Os alumnos realizan traballos de contrapublicidade de distintos produtos alcohólicos ao longo de distintas sesións coa profesora responsable, Consuelo Benito González.**

### **Sesión 8**

#### **Andamos á procura de anuncios sobre os que facer contrapublicidade**

Os alumnos, en grupos de 5, buscan distintos anuncios na rede coa intención de contrapublicitalos. Unha vez feita a escolla do anuncio, fan un escrito no que explican por qué o elixiron, qué valores transmite e cómo poden cambiar o punto de vista. Cada grupo amosa o anuncio aos seus compañeiros e explica os motivos que o levaron a escollelo.

### **Sesión 9**

#### **Guión**

Os alumnos traballan nas modificacións que van facer ao anuncio. Apuntan os cambios, materiais que van necesitar, cómo o van levar a cabo... Un grupo fai un anuncio a partir doutro xa existente Os outros tres teñen a intención de crear unha curto orixinal, de modo que van plantexando e elaborando o guión do seu vídeo. Anotan onde o pensan gravar, qué van necesitar, quen fará un ou outro papel... Os alumnos xúntanse varios tardes para facer as gravacións.

### **Sesión 10**

## **Producción dos anuncios.**

Utilizan para a edición de vídeo programas como *filmorago* e *wondershare filmora*.

### **Sesión 11.**

#### **Visualización dos anuncios e suxerencias.**

Os alumnos amosan aos seus compañeiros as súas creacións. Entre todos comentamos qué nos parecen e facemos suxestións sobre aspectos que se poden mellorar. Os alumnos darán os retoques finais.

### **Sesión 12**

#### **Modificacións e... ¡resultado final!**

Feitas as modificacións, os grupos amosan o produto final. Os catro grupos fixeron un bo traballo. Parabéns!!

### **Sesión 13**

**Charla informativa da policía local de Cedeira. CONDUCCIÓN E ALCOL: ENEMIGOS ÍNTIMOS.** A policía local informa aos alumnos dos perigos que implica a conducción baixo os efectos do alcol e a través de vídeos mostran as tráxicas consecuencias que pode traer. Tamén explican as sancións que supoñen este tipo de condutas. Un alumnado preséntase voluntario para comprobar o funcionamento dun alcolímetro.

### **Sesións 14 e 15**

#### **Creación dunha canción ("Somos a clase contra o alcol") en prol da vida sana, sen alcol.**

Se lles pide aos alumnos que elixan unha melodía para a canción. Poden buscar na rede cancións coñecidas a partir das cales crear unha nova. Os alumnos fan propostas e a canción con máis votos servirá de melodía para a nosa creación.

Poñemos a melodía de fondo (utilizamos a pizarra dixital) e os alumnos van aportando ideas sobre a letra: qué consellos podemos dar na canción para que a xente nova rexeite o consumo de alcohol.

### **Sesión 16**

#### **Cantamos e bailamos na aula.**

Practicamos a canción. Os alumnos cantan e bailan. É unha sesión de convivencia e relaxación despois de bastantes xornadas de traballo.

### **Sesión 17**

Gravamos o sonido da canción na clase. Facemos varios intentos ata lograr o resultado desexado.

### **Sesión 18**

Sáímos á vila a gravar un vídeo dos alumnos bailando e cantando a nosa canción. Escollemos como

escenarios para a gravación a praia e o parque. Pola tarde unha alumna encárgase de editar o vídeo para xuntar letra e canción. ¡Quedou moi ben! ¡Estamos satisfeitos co traballo!

**TITORA DO GRUPO: Natalia Amenedo Doce.**

**Colabora no proxecto tamén a profesora Consuelo Benito González, responsable da materia de E. Plástica.**